

Cortázar en nós

Tenho para min que, no que levamos andado deste 2006, se cómpre falar dun dos volumes máis destacados no xénero ensaístico e de divulgación non se pode obviar *Respirar polo idioma (os galegos e Julio Cortázar)*, unha achega de Francisco X. Fernández Naval publicada por Linteo.

Alén de cadrar no tempo, de xeito fortuíto, coa decisión de Aurora Bernárdez, primeira esposa e albacea de Julio Cortázar, de ceder o legado fotográfico e filmico do autor de *Rayuela* ao Centro Galego das Artes da Imaxe, o certo é que este é un estudo absolutamente recomendable para quen queira afondar no que de noso ecoa na produción literaria de Julio Cortázar mais tamén no universo da relacións persoais cos galegos que mantivo o escritor arxentino.

Non en van o autor deste estudo se beneficia dunha longa traxectoria creativa no ámbito da narrativa e da poesía de maneira que ofrece nestas páxinas aquilo que calquera lector de ensaio literario pode demandar, logo dun proceso que sospeitamos intenso de pescudas e fontes de información que aquí se van exhibindo con naturalidade: claridade expositiva, rigor informativo, capacidade de síntese, suxestión de novas vías para outras esculcas e, mes-

as devanditas relacións —o que de seu xa resulta salientable e novidoso— pretende reafirmar a imaxe dun home atento ás cousas e ás xentes que estaban á súa volta, aos “outros lados que expanden as paisaxes da vida”.

E abofé que o consegue. Calquera que se achegue a este volume decatarse de que, implicitamente, todo o libro constitúe unha invitación para debuzarse, outra volta se cadra, na extraordinaria produción do autor arxentino. Un autor que, polo que se conclúe neste libro, non só considerou e valorou positivamente a nosa propia singularidade, a nosa idiosincrasia e identidade —velaí o tratamento sempre respectuoso dos personaxes galegos que poboan a súa obra narrativa— senón que, ademais, en parte polas circunstancias vitais que o rodearon, se rodeou de galegos que desempeñaron un papel clave tanto na súa propia vida coma

na súa carreira de escritor. Velaí a presenza da súa primeira esposa, Aurora Bernárdez; dos exiliados galegos Luís Seoane, Rafael Dieste, Arturo Cuadrado, Lorenzo Varela...; de Francisco Luís Bernárdez; do editor Porrúa; de Ramón Chao ou de Leopoldo Novoa; dos proxectos editoriais e das revistas dirixidas por algúns dos antes amentados nas que el participou..., velaí o relato das visitas que realizou a Galicia ou o desvelamento do fondo respecto e aprecio que lle rendía á lingua galega, chegando a afirmar que os galegos respiraban polo idioma, isto é, que a lingua era tan precisa como aire para alentar.


Naval sabe, así pois, conducirse e conducirnos con fortuna por unha rede de vasos comunicantes apaixonante, por un mundo de afinidades intuído que aquí volve diáfano. Unha achega, ao meu xuízo, moi salientable e que só merece parabéns.

FERNÁNDEZ NAVAL, Francisco X., Respirar polo idioma (os galegos e Julio Cortázar), Ed. Linteo, Ourense, 2006, 211 páxinas

Un meritorio ensaio



RAMÓN NICOLÁS



AUTOR SABE

CONDU CIRSE, E

CONDU CIRNOS, POR

UNHA REDE

APAIXONANTE DE

VASOS COMUNICANTES

mo, certa amenidade narrativa que se deriva dunha inequívoca vontade de estilo que cómpre salientar. Non se limita, pois, Naval a devorcar unha enxurrada de datos de maior ou menor interese arredor da dimensión humana de Cortázar en relación con Galicia ou cos galegos ou, por outro lado, a recoller protocolariamente unha listaxe daquelas referencias ao mesmo asunto que se rastrexan na súa obra narrativa; ao contrario, e así o confesa no limiar do volume, alén de desvelar